



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 30 de xuño de 2015

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 30/06/2015.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 30/06/2015.
- III. Calendarios das titulacións impartidas na da E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.
- IV. Horarios das titulacións impartidas na da E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.
- V. Calendario de exames para as titulacións impartidas na da E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.
- VI. Tribunais extraordinarios de 5ª, 6ª e 7ª convocatorias e fin de carreira na titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrío, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 23 de abril de 2015.

Na páxina web do centro estaba xa publicada pendente de aprobación.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 23 de abril de 2015.

Unha vez aprobada será posta definitivamente nas seccións de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro, por exemplo, na sección en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=394,0,0,1,0,0>

2. Informe do Director.

O Director informa:

- A Dirección recibiu os datos previos á elaboración do Informe de Seguimento Plan de Promoción del Centro 14-15 (DO-0202 P1), dito informe recolle as actividades de difusión do centro das cales xa foi en parte informada a Xunta de Escola. En forma resumida: na Semana de la Ciencia houbo un número oficial de inscritos de 1214 persoas de 35 centros; atendéronse na ETSEM visitas de 14 institutos concertados a través do SIOPE; impartíronse en centros 7 charlas acerca dos Graos que oferta a



ETSEM e 16 charlas monográficas; participouse nas XXII Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional en A Coruña e nas V XORNADAS DE ORIENTACIÓN DO MORRAZO; montouse exposición itinerante en 4 centros; recibíronse unhas 300 alumnos/as durante a I Xornada de Portas Abertas no campus de Vigo organizadas por el SIOPE, celebrouse na a VI Olimpíada de Xeoloxía cunha participación de 79 alumnos/as e participouse no Xeolodía 2015 cunha asistencia dunhas 250 persoas.

Todas estas actividades foron sufragadas en parte con cargo ao orzamento da ETSEM en forma de desprazamento, transporte e pago por conferencias, e foron coordinadas por a profesora Marta Cabeza Simó que contou coa colaboración das seguintes persoas, membros da Comisión de Difusión da ETSE de Minas:

Alexandre Casal Echevarría, Andrés Cristobal Melero, Belén Díaz Fernández, Carla Iglesias Comesaña, Carmen Pérez Pérez, Elena Alonso Prieto, Ignacio Pérez Rey, Iria Feijoo, Jaime García Iglesias, Jessica Piñeiro, Lucía Díaz, Mario Soilán, Oscar Iglesias, Jorge Feijoó Conde, José Benito Vázquez Dorrio, Julia Armesto González, Lucía Díaz Vilariño, María Araújo Fernández, María Luisa Álvarez Zaragoza, Natalia Caparrini Marín, Rosalia Carrillo Pérez, Susana Lagüela López, Teresa Rivas Brea

Rógase a aquelas persoas que queiran incorporarse á Comisión de Difusión da ETSEM que se poñan en contacto co Negociado de Asuntos Xerais da ETSEM. A Dirección agradece o traballo realizado.

- Os coordinadores dos Graos, David Patiño Vilas e Carmen Pérez Pérez, están supervisando a correcta realización das respectivas guías docentes de acordo coas instrucións enviadas pola Área de Calidade da UVigo. Unha vez rematado o prazo indicado para o profesorado do venres 5 de xuño, aínda hai guías nas que non constan os resultados de aprendizaxe que aparecen na ficha da memoria, nin están incluídas, dentro da descrición da metodoloxía, o resultado ou resultados de aprendizaxe que se avalían ou non están publicados os dous idiomas (galego e castelán). Prégase que aquel profesorado que aínda non realizou esas tarefas as faga antes do venres 3 de xullo para poder publicar con tempo a información completa previa a Xunta de Escola a celebrar o martes 14 de xullo. Como se entende que este proceso é fundamental para a acreditación dos graos no curso 2015-2016, enviaranse escritos aos Departamentos afectados cando, unha vez rematado o prazo, se observen deficiencias como as sinaladas. Calquera dúbida será resolta por os coordinadores dos Graos, David Patiño Vilas e Carmen Pérez Pérez, aos cales a Dirección agradece o traballo realizado.
- Recibiuse un escrito da Vicerreitoría de Economía e Planificación no que se indicaba que o centro podía realizar accións de difusión e promoción para incrementar as cifras de matrícula do Grao ERME para o curso 2015-2016 cun límite de gasto, asumido pola Vicerreitoría, de 6000€. A Dirección decidiu empregar ese importe en impresión de tarxetas, insercións en prensa e varias vallas publicitarias de xuño a setembro en Vigo, Nigrán e Baiona, co lema para todo o noso alumnado de “Xestores e xestoras do recursos naturais ao servizo da Sociedade”. A Dirección agradece a iniciativa e roga teña continuidade no tempo.



- Os días 24 e 25 de abril a ETSEM acolleu un curso sobre instalacións xeotérmicas, impartido polo INEGA, a través de ACLUXEGA, e cunha participación dunhas oitenta persoas que contaron cunha matrícula reducida. As enquisas realizadas que figuran na memoria recibida a posteriori indican un alto grao de satisfacción.
- As cartas de apoio ao Plan de Viabilidade do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, dos colexios oficiais e das principais asociacións empresariais, poden agora consultarse nos apartados de presentación do mencionado grao, por exemplo, en galego:

<http://etseminas.webs.uvigo.es/cms/index.php?id=346,0,0,1,0,0>

- Actualizouse o apartado das orlas na web da ETSE de Minas e agora poden consultarse as orlas de todas as promocións de titulados do centro. Por exemplo, en galego:

<http://etseminas.webs.uvigo.es/cms/index.php?id=88,0,0,1,0,0>

- O 6 de maio a ETSE de Minas realizou o seu primeiro simulacro de evacuación dentro do seu Plan de Autoprotección, coa colaboración de UNIPRESALUD e o Servizo de Prevención e Riscos Laborais da UVigo. O persoal que forma parte dos equipos de emerxencia dos plans de autoprotección puido asistir o 24 de xuño a un curso de loita contra incendios en Seganova. En conxunto participan desinteresadamente no Plan cerca de corenta persoas, entre PDI e PAS. A Dirección agradece a súa xenerosidade e compromiso para axudar nunha emerxencia real e protexer tanto os bens físicos como as vidas das persoas que comparten espazo na ETSEM. Diversas persoas vinculadas á ETSEM realizaron as tarefas de control e seguimento durante o simulacro:

Iván Veleiro Pinal, Uxía Castro Filgueira, Noelia González Pastoriza, Sonia Couso Gil, Rodrigo Graña Molina, Sergio Gabriel Búa Fernández, Marta López Álvarez, Diego Faro Malvar, Diego Antonio Oliveira Aboi

Javier Puga Alonso coordinou o traballo das anteriores persoas e creou o contido do novo apartado de Prevención de Riscos na web da escola:

Galego: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=821,0,0,1,0,0>

Castelán: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=822,0,0,1,0,0>

Inglés: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=823,0,0,1,0,0>

A Dirección agradece o traballo realizado.



- A Dirección e o Subdirector de Infraestruturas e AAEE reuniuse co Comisionado de Plans Estratéxicos, Francisco Xavier Martínez Cobas, e lle foi solicitado o gasto de electricidade e gasóleo a día de hoxe xunto con que no seguinte Contrato Programa dos centros sexa incluída unha asignación diferenciada para aqueles centros que contén co certificado de implantación do Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- O 9 de maio celebrouse a actividade de difusión do patrimonio xeolóxico Xeolodía15 no Parque Nacional das Illas Atlánticas, cunha participación aproximada de 250 persoas. Profesorado da Facultade de Ciencias do Mar e ETSEM organizaron este evento en Pontevedra, coordinados por Irene Alejo e José Bienvenido Diez. Na ETSEM a coordinación foi levada a cabo por as profesoras Natalia Caparrini Marín e Teresa Rivas Brea e o profesor Jorge Feijó Conde. A Dirección agradece o traballo realizado.
- O 20 de maio tivo lugar na ETSEM a presentación das novidades da marca de Leica Geosystems: aplicacións e tecnoloxía táctil para capturar, modelar e visualizar o noso entorno, nova gama de escáner 3D ou sistema UAV Aibotix. Neste evento achegáronse á nosa escola unhas vinte de empresas por iniciativa do Grupo de Xeotecnoloxías Aplicadas da ETSEM, o cal é agradecido pola Dirección.
- A profesora Elena Alonso Prieto asistiu o 28 de maio en representación da ETSEM ao acto de homenaxe na EET de Domingo Amoedo Amoedo, o cal é agradecido pola Dirección.
- O 30 de maio a Dirección asistiu á unha formación, organizada pola Unidade de Igualdade, onde foi presentado o Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo.
- Finalmente a alumna Raquel Pérez Orozco non foi seleccionada pola Fundación Carolina para o do Programa de Xóvenes Líderes.
- Colocáronse vinilos co escudo e a nova dirección web nas portas de acceso principal á ETSEM:

<http://etseminas.uvigo.es/>

- A Delegación de Alumnado enviou as súas listas un formulario en liña para coñecer a posible demanda das necesidades formativas extracadémicas na escola. Logo do envío vanse impartir en principio un curso de orientación profesional en xullo e outro de Fundamentos de análise e tratamento da información con Excell en setembro. A Dirección agradece a iniciativa da Delegación e do profesor José Ignacio Armesto Quiroga.



- O Máster en Xeoinformática, coordinado polas universidades de Vigo e A Coruña sumarase á oferta de mestrados da Universidade o vindeiro curso. Xa existe na web da escola un novo apartado coa información do mesmo que pode consultarse nos seguintes enlaces:

Galego: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=810,0,0,1,0,0>

Castelán: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=811,0,0,1,0,0>

Inglés: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=812,0,0,1,0,0>

A Dirección agradece ao profesor Higinio González Jorge, coordinador do Máster, a creación dos seus contidos.

- Industrias Ferri outorgará un premio entre o alumnado de Industriais, Telecomunicación e Minas 3000 euros e un contrato en prácticas para premiar a mellor idea xurdida dunha escola de Enxeñaría, o cal é agradecido pola Dirección.
- Durante o período de alegacións ao Decreto de taxas, por iniciativa da EEI as Direccións das Escolas enviaron telematicamente un escrito solicitando que o prezo do ECTS nas ensinanzas de máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España fora o mesmo que o de grao, en comparación con Medicina. A resposta da Secretaría Xeral de Universidades foi negativa.
- Como novidade respecto a cursos anteriores na tramitación dos Traballos Fin de Grao (TFG) a partir de agora é preciso realizar algúns pasos telematicamente. É importante salientar que neste novo procedemento hai algúns pasos que deben ser levados a cabo exclusivamente polo titor do TFG e non pode realizalos o alumno.
- Recibiuse o informe provisional da Valoración da Actividade Docente (VAD) do centro dos cursos 2011-2012, 2012-2013 e 2013-2014. A profesora Natalia Caparrini Marín foi a responsable de realizar o informe de alegacións, o cal é agradecido pola Dirección.
- Recibíronse os informes provisionais de avaliación do seguimento interno do curso 2013/14, realizado pola Universidade, dos títulos de Grao do centro, ambos CONFORMES. A Dirección non considerou oportuno presentar alegacións ao contido dos mesmos. En breve recibiremos os informes definitivos.
- Os días 3 e 4 de xuño celebrouse na ETSEM o curso “Emprego de explosivos e a súa aplicación a demolicións” promovido polo Colexio de Enxeñeiros de Minas do Noroeste, dirixido a profesionais e alumnado da Escola. Impartido polo enxeñeiro Vicente Quirós, o curso afondou en cuestións relacionadas co emprego de explosivos en voaduras e demolicións; lexislación aplicable; deseño da voadura; así como criterios de selección dos explosivos e o control das vibracións producidas polas detonacións. A participación foi dunhas 40 persoas, tendo o alumnado da ETSEM



matrícula de custe reducido. A organización do mesmo foi levada a cabo por María Araújo Fernández e Juan Ricoy Alonso, o cal é agradecido pola Dirección.

- A Comisión Académica do Máster UEM nomeou á profesora Generosa Fernández coordinadora da materia “Simulación numérica en Enxeñaría”, co obxectivo de empezar a traballar de forma conxunta co profesorado das materia dese módulo e elaborar as guías docentes tratando de coordinar contidos e competencias.
- A Dirección asistiu en Santiago de Compostela o 4 de xuño reunión á Asemblea Xeral da Asociación Galega de Áridos (AGA).
- Recibiuse a Instrución Xerencial do 8 de xuño de 2015 pola que se regula a implantación do programa de pedidos para atender á implantación da factura electrónica. A implantación do programa de pedidos farase de xeito progresivo na universidade por ámbitos e servizos, facéndose previamente unha sesión formativa para cada ámbito e servizo que se realizará mediante unha convocatoria.
- A Universidade de Vigo decidiu crear unha cápsula do tempo que alberga a memoria histórica da Universidade de Vigo. Ten como obxectivo involucrar a todos os membros da comunidade universitaria na celebración do 25 Aniversario e recordarlles os principais logros acadados pola institución. Polos 25 anos da Universidade de Vigo, encapsulouse información académica, artística, científica e humanística, vivencias e testemuños que darán referencia dos nosos primeiros 25 anos de vida ás vindeiras xeracións. Logo da invitación enviada a toda a comunidade do centro, a ETSEM enviou para ela unha copia de seguridade da web do noso centro. A Dirección asistiu á súa inauguración o 19 de xuño, nos xardíns de Xerencia. A cápsula do tempo será aberta no 2040.
- José Ferradás Troitiño, Enxeñeiro de Minas recen titulado, é un dos vinte mozos españois seleccionados para participar na primeira convocatoria do FTEC-Spanish Traineeship Programme, un programa de especialización tecnolóxica destinado ás novas promesas da enxeñaría e a física aplicada, impulsado polo CIEMAT, Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas, e CERN, o Laboratorio Europeo de Física de Partículas.
- Logo do acordo entre a Secretaría Xeral e a Dirección, informouse ao profesorado que a partir de agora (incluída esta convocatoria extraordinaria de xullo) e só para as titulacións de Grao a sinatura das actas debe facerse obrigatoriamente de maneira dixital. Aquel profesorado que aínda non dispoña de certificado dixital pode solicitalo na web

www.sede.fnmt.gob.es/certificados/persona-fisica

e realizar a tramitación no Negociado de Asuntos Xerais deste Centro.



- Recibíronse os resultados definitivos de participación e valoración das enquisas de avaliación das titulacións deste curso cos seguintes resultados finais, en ambos casos os resultados totais están por encima da media do ámbito tecnolóxico e da universidade no seu conxunto:

ÍNDICE PARTICIPACIÓN PROFESORADO

E. T. S. de Enxeñaría de Minas	61,34%
Rama de coñecemento: Enxeñaría e Arquitectura	35,23%
Universidade de Vigo	44,14%

ÍNDICE SATISFACCIÓN PROFESORADO

E. T. S. de Enxeñaría de Minas	4,04
Rama de coñecemento: Enxeñaría e Arquitectura	3,96
Universidade de Vigo	4,03

ÍNDICE PARTICIPACIÓN ALUMNADO

E. T. S. de Enxeñaría de Minas	39,36%
Rama de coñecemento: Enxeñaría e Arquitectura	22,29%
Universidade de Vigo	23,93%

ÍNDICE SATISFACCIÓN ALUMNADO

E. T. S. de Enxeñaría de Minas	3,07
Rama de coñecemento: Enxeñaría e Arquitectura	2,97
Universidade de Vigo	3,05

A Dirección agradece esta resposta positiva que se entende mellora o funcionamento do centro e fai visible o compromiso e a preocupación da comunidade da escola coa Calidade da nosa Docencia.

- O vindeiro 10 de xullo, ás 19:00 horas, terá lugar o Solemne Acto de Graduación da segunda promoción de Graduados en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e Graduados en Enxeñaría da Enerxía, no Centro Social Afundación. Contaremos con diferentes autoridades e a lección maxistral da exalumna María Justo Alonso titulada “No me digas que o ceo e o limite cando hai pisadas na Lúa!”. Prégase confirmen a súa asistencia ao Negociado de Asuntos Xerais antes do 6 de Xullo. A organización do acto está sendo levada a cabo por María Araújo Fernández, o cal é agradecido pola Dirección.

Este informe, previamente á publicación da acta na web do centro, será enviado logo desta Xunta de Escola a todo o profesorado con docencia no centro, así como ao resto dos membros de Xunta de Escola, pregándose a súa difusión entre os contactos potencialmente interesados.



3. Modificación, se procede, do calendario de exames do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos para o curso 2014-2015.

Enviouse previamente por correo electrónico a proposta de cambio. Por acordo unánime do profesorado e alumnado da materia Voaduras do Grao ERME propónse cambiar a súa hora de comezo de exame das 10:00h ás 16:00h. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o mencionado cambio.

4. Aprobación, se procede, dos calendarios das titulacións impartidas na da E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.

Enviouse por correo electrónico, para o curso 2015-2016, unha proposta de calendarios para os Graos EE/ERME e a titulación a extinguir de Enxeñaría de Minas (proposta coordinada pola profesora María Araújo Fernández), para o Máster UEM (proposta coordinada pola profesora Elena Alonso Prieto), así como para o Máster en Xeoinformática (proposta coordinada polo profesor Higinio González Jorge). A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar os calendarios enviados previamente. A Dirección agradece o traballo realizado.

Achégase como ANEXO III a esta acta os calendarios aprobados para o curso 2015-2016.

5. Aprobación, se procede, dos horarios das titulacións impartidas na da E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.

Enviouse por correo electrónico, para o curso 2015-2016, unha proposta de horarios para os Graos EE/ERME (proposta coordinada pola profesora María Araújo Fernández), para o Máster UEM (proposta coordinada pola profesora Elena Alonso Prieto), así como para o Máster en Xeoinformática (proposta coordinada polo profesor Higinio González Jorge). Respecto ao enviados hai unha modificación no cuarto de Grao IRME: os xoves SIX e Ordenación do territorio ten docencia de 10 a 12h e Explotación Sostible de Recursos Mineiros II ten docencia de 10 a 12h.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar os horarios enviados previamente con esta modificación. A Dirección agradece o traballo realizado.

Achégase como ANEXO IV a esta acta os horarios aprobados para o curso 2015-2016.

6. Aprobación, se procede, do calendario de exames para as titulacións impartidas na da E.T.S. de Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.

Enviouse por correo electrónico, para o curso 2015-2016, unha proposta de calendarios de exames para os Graos EE/ERME e a titulación a extinguir de Enxeñaría de Minas (proposta coordinada pola profesora María Araújo Fernández), para o Máster UEM (proposta coordinada pola profesora Elena Alonso Prieto), así como para o Máster en Xeoinformática (proposta coordinada polo profesor Higinio González Jorge).

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar os calendarios de exames enviados previamente. A Dirección agradece o traballo realizado.



Achégase como ANEXO V a esta acta os calendarios de exames aprobados para o curso 2015-2016.

7. Aprobación, se procede, dos tribunais extraordinarios de 5ª, 6ª e 7ª convocatorias e fin de carreira na titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.

Enviouse por correo electrónico, para o curso 2015-2016, unha proposta dos tribunais extraordinarios de 5ª, 6ª, 7ª convocatorias e fin de carreira na titulación de Enxeñaría de Minas e que recolle a información enviada polos Departamentos responsables e recollida no Negociado de Asuntos Xerais.

Logo do envío recibíuse unha modificación do Departamento Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente onde se unificaban todos os tribunais das materias da Área Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría (505) coa seguinte proposta:

Presidente: Pedro Arias Sánchez
Secretario: Higinio González Jorge
Vocal: Joaquín Martínez Sánchez
Suplente: Henrique Lorenzo Cimadevila

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar os tribunais extraordinarios de 5ª, 6ª, 7ª convocatorias e fin de carreira enviados previamente coa modificación sinalada. A Dirección agradece o traballo realizado.

Achégase como ANEXO VI a esta acta os tribunais extraordinarios de 5ª, 6ª, 7ª convocatorias e fin de carreira aprobados para o curso 2015-2016.

8. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

Ao non terse presentado documentación para a súa aprobación, pásase ao seguinte punto da orde do día.

9. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 35 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a trinta de xuño de dous mil quince.

Vº e Prace
O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrió

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 30/06/2015



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 30/06/2015



Asistentes Xunta de Escola ordinaria 30/06/2015

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrío
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Alonso Prieto, Elena
5.	Araújo Fernández, María
6.	Arias Sánchez, Pedro
7.	Cabeza Simó, Marta
8.	Eguía Oller, Pablo
9.	García Bastante, Fernando
10.	González Jorge, Higinio
11.	González Rodríguez, Elena
12.	López-Cancelos Ribadas, Rubén
13.	Mandado Vázquez, Alfonso
14.	Martín Suárez, José Enrique
15.	Pérez Pérez, Carmen
16.	Rivas Brea, Teresa
17.	Saavedra González, Ángeles
18.	Sánchez Bermúdez, Anxo
19.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Faro Malvar, Diego
2.	García Iglesias, Jaime
3.	Graña Molina, Rodrigo
P.A.S.	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	47
Asistentes	23

Disculpan a súa ausencia:

- Lino José Álvarez Vázquez
- Eduardo Liz Marzán



ANEXO III

**Calendarios das titulacións impartidas na da E.T.S. de Enxeñaría de Minas
para o curso 2015-2016.**



ANEXO IV

**Horarios das titulacións impartidas na da E.T.S. de Enxeñaría de Minas
para o curso 2015-2016.**



ANEXO V

**Calendario de exames para as titulacións impartidas na da E.T.S. de
Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.**



ANEXO VI

Tribunais extraordinarios de 5ª, 6ª e 7ª convocatorias e fin de carreira na titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2015-2016.